

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **22 de xullo de 2021**

Ás 18.00 horas do día 22 de xullo de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, no salón de plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Deputado non adscrito: D. José Miguel Caride Domínguez

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste don Álvaro José Fernández López, do Grupo Popular (substituído por don Miguel Antonio Cid Álvarez).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE XUÑO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de xuño de 2021.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade do día 17 de xuño de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- NOMEAMENTO DO XURADO PARA A XVIII EDICIÓN DO PREMIO PURA E DORA VÁZQUEZ DE NARRACIÓN E ILUSTRACIÓN DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL.-

O Sr. secretario dá conta do contido da proposta.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Designar como membros do xurado da XVIII edición do Premio Pura e Dora Vázquez de Narración e Ilustración de Literatura Infantil e Xuvenil, ás seguintes persoas:

- Don David Canda Castro (proposto polo Grupo Popular).
- Don Antón Alonso Suárez (proposto polo Grupo Socialista).
- Don Xosé Antón Dorrió Vázquez (proposto polo grupo de Democracia Ourensana)
- Dona Isabel Mociño González (proposta polo grupo do BNG).

3º.- MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DO PATRIMONIO.-

D. Bernardo Valera López, do BNG, expón o contido da moción.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, manifesta que comparte a inquedanza pola defensa do patrimonio de Galicia, que se expón na moción, se ben reserva o seu voto para o Pleno.

D. José Miguel Caride Domínguez, deputado non adscrito, manifesta que a priori parece imposible opoñerse a unha proposta como a que estamos tratando, coa que deberían concordar todos os grupos. Indica que está totalmente de acordo coa proposta de acordo e que en todo caso se debe incidir na importancia da participación das administracións como a Xunta de Galicia e a Comisión Provincial de Patrimonio da que se fala na moción. Manifesta o seu voto a favor.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, indica que reservará o seu voto para o Pleno, se ben está de acordo coa maior parte do que se expón na moción, engadindo que a provincia ten un patrimonio de valor incalculable.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, indica que na defensa do patrimonio deben involucrarse sobre todo as institucións, xa que todos os concellos da provincia teñen un

patrimonio incalculable e gran parte del aínda descoñecido. NO ano 2016 o presidente da Deputación anunciou a creación da Comisión Provincial de Patrimonio, polo que aproveita a súa intervención para solicitar información sobre cal foi o traballo desta comisión e se se elaborou algún documento, dossier ou traballo sobre o patrimonio provincial.

A **presidenta da comisión** comparte os argumentos dos intervenientes no sentido da riqueza patrimonial da provincia, se ben engade que na súa opinión é máis importante conservar o que hai que facer novas escavacións. Di que a Deputación Provincial leva varios anos colaborando en iniciativas de todo tipo na defensa do patrimonio e por último anuncia a reserva de voto do seu grupo.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, manifesta que os concellos en moitas ocasións senten gran impotencia, xa que son os propietarios particulares deste tipo de bens os que non queren acceder a realizar obras de mantemento, para evitar que se converta en atractivo turístico.

D. Bernardo Varela López, do BNG, engade que a Comisión Provincial de Urbanismo podería facer importantes achegas na defensa do patrimonio e colaborar coa Xunta de Galicia, que é a que ten as competencias sobre os bens catalogados.

D. José Miguel Caride Domínguez, deputado non adscrito, engade que existen mecanismos legais para forzar aos propietarios á conservación de bens de particulares dos que aparecen nos catálogos de instrumentos de planeamento urbanísticos.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do BNG (1) e do deputado non adscrito, e a abstención do Grupo Popular (5), do Grupo Socialista (3), de DO (1) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- O Pleno da Deputación Provincial de Ourense insta ao goberno provincial a reactivar a Comisión Provincial de Patrimonio.

2º.- Instar á Xunta de Galiza a elaborar un informe sobre a situación do patrimonio cultural da provincia, e que este sexa remitido á Deputación de Ourense e a todos os concellos desta provincia.

3º.- Instar á Xunta de Galiza a deseñar, en coordinación coa Deputación Provincial, un proxecto global de xestión do patrimonio sostíbel, para a protección dos elementos patrimoniais da provincia. No que se priorice o coñecemento e valorización do patrimonio sobre criterios turísticos, que poden ser complementarios, pero non á inversa. Coa conseguinte partida para estes fins nos orzamentos da Xunta para o ano 2022 e seguintes.

4º.- Posta a disposición dos propietarios de bens catalogados, dos cadros técnicos da Deputación de Ourense para o deseño de proxectos destinados a garantir a consolidación do patrimonio cultural que eviten o seu deterioro.

5º.- Crear un fondo que con criterios obxectivos na súa adxudicación, apoie a persoas físicas e institucións propietarias de bens patrimoniais catalogados dispostos a emprender reformas de rehabilitación dos ditos bens.

6º.- Que a Deputación de Ourense emprenda un proxecto didáctico de divulgación patrimonial para a concienciación a cargos municipais, e propietarios individuais e colectivos veciñais, dos bens patrimoniais que atesouran os seus concellos, incidindo no valor social do patrimonio, evitando así que as medidas sexan reactivas aos danos.

7º.- Instar á Xunta de Galiza a elaborar e poñer en funcionamento un plan pedagóxico patrimonial escolar para que o coñecemento, o coidado e o que representa o patrimonio, forme parte dos principios educativos de nenas e nenos.

8º.- Instar á Consellería de Cultura e Universidades da Xunta de Galiza, en coordinación coa Deputación de Ourense, a implementar ferramentas dixitais para a difusión e coñecemento do noso patrimonio.

9º.- Instar á Xunta de Galiza a dar traslado do proxecto de albergue que se está realizando no Mosteiro de Oseira, co fin de poder ser avaliado en profundidade nesta Deputación. Se este non fose trasladado á data da realización deste Pleno.

4º- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A **presidenta da comisión** pide desculpas porque non se remitiron as contestacións pendentes da anterior comisión, e indica que serán enviadas nos vindeiros días.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, pregunta pola noticia que saíu na prensa estes días do traspaso na xestión do Club Ourense Baloncesto, lembrando que a Deputación dispón do 22% do accionarado desta sociedade anónima deportiva e pide información sobre como o novo grupo investidor vai entrar no capital e se será a través dunha ampliación do capital ou comprando accións ao actual propietario e cal vai ser o papel da Deputación.

A **presidenta da comisión** indica que contestará na seguinte comisión.

D.^a Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, pregunta se a Deputación vai facer algún labor de mantemento nas estradas provinciais polas que a fin de semana transcorreu o rally de Ourense, xa que algunhas zonas quedaron bastante afectadas.

A **presidenta da comisión** contesta que en todo caso é algo que se lle debe esixir á entidade organizadora, que deixe as estradas no seu estado orixinal, xa que ese debe ser un dos condicionantes da autorización e que ademais é evidente que deben contar cun seguro para este tipo de incidencias. Por último engade que se dirixirá ao deputado de cooperación para que contacte cos vixilantes das estradas provincial e informe sobre as incidencias que puido ocasionar o citado rally.

E, ás 18.25 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.